



**BORRADOR ACTA DA SESIÓN ORDINARIA  
DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)  
CELEBRADA O DÍA 31 DE MAIO DE 2018**

**SESIÓN Nº 6/2018**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

Carlos Vázquez Padín.

**CONCELLEIROS/AS**

**GRUPO MUNICIPAL DO PP**

Antonio Castro Negro  
Estrella Carmen Muradas Maceira  
Yovana Velázquez Torres

**GRUPO MUNICIPAL DO  
PSdG-PSOE**

Enrique Cabaleiro González.  
María Yolanda Rodríguez Rodríguez  
José Ramón Magán Rivera

**GRUPO MUNICIPAL C21**

Eduardo Freiría Martínez

**GRUPO MUNICIPAL  
CIUDADANOS TUDENSES**

Milagros González Monteiro  
Andrés Urseira González

**GRUPO MUNICIPAL BNG**

María Carmen Núñez Méndez.  
José Martínez Tato

**GRUPO MUNICIPAL  
ALTERNATIVA TUDENSE**

Miguel Angel Capón Rey  
María José González Pérez

**GRUPO MIXTO**

Laureano Alonso Álvarez  
María Jesús da Silva Fernández.

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día trinta e un de maio de dous mil dezaioito, reúnen os/as Concelleiros/as que están a marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Carlos Vázquez Padín. Asiste a secretaria do concello Pilar Fernández Alonso e a interventora Elisa Marqués Parrilla. O obxecto da reunión é realizar a sesión ordinaria previamente convocada para o día da data e que se celebra en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito

O Alcalde, antes de comezar coa orde do día, da a benvida a esta sesión ordinaria que pasa a ser extraordinaria polo acontecido. Fai unha mención especial a todos os afectados pola explosión de Paramos e especialmente ás persoas falecidas. Engade que non o acordaron antes pero que pensa que debe gardarse un minuto de silencio.

Gárdase un minuto de silencio.

Explica o Sr. Alcalde que as dúas mocións sobre os asuntos de Paramos van a ir ó final do pleno porque son mocións de urxencia que non estaban na orde do día.

## **ORDE DO DÍA**

### **A) PARTE RESOLUTIVA:**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 4 DE 27 DE ABRIL E ACTA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE Nº5/2018 DE 25 DE MAIO.-**

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o alcalde comeza preguntando aos concelleiros se teñen algunha observación que realizar ás actas correspondentes á sesión ordinaria número 4 de 27.04.2018 e á sesión extraordinaria e urxente número 5/2018 de 25.05.2018.

Intervén a voceira do BNG, D<sup>a</sup>. Carmen Núñez Méndez, para sinalar que na páxina número 34 da acta de 27.04.2018 se recolleu que dixera que consideraba un erro o concurso de ideas, cando ela dixo que lles parecía moi interesante.

Ao non haber observacións o alcalde somete a votación a aprobación do borrador das citadas actas (da sesión ordinaria número 4, de 27.04.2018, e da sesión extraordinaria e urxente número 5/2018, de data 25.05.2018), que se aproban por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

#### **2º.- EXPEDIENTE 1213/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 21/05/2018, DE APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE TUI PARA O PERÍODO 2018-2019.-**

O Alcalde alude a que procede votar a urxencia porque o asunto non está ditaminado ao non haberse chegado a celebrar a comisión informativa.

Procédese á votación da concorrencia da urxencia, que resulta aprobada por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

A continuación procédese pola secretaria á lectura da proposta da alcaldía de data 21/05/2018, do teor:

#### **“PROPOSTA DO ALCALDE**

Confecionado o Plan económico financeiro do Concello de Tui para o período 2.018-2.019 en cumprimento do previsto no artigo 21.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e emitido informe pola Intervención municipal nº EMP 25/2018, preséntase á consideración da Comisión de Facenda para a emisión do seu ditame previo e preceptivo antes de sometelo á aprobación do Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de



abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A proposta da Alcaldía á Comisión Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio é a que segue:

PRIMEIRO.- Aprobado o Plan económico financeiro do Concello de Tui para o período 2.018-2.019.

SEGUNDO.- Darlle a mesma publicidade que a establecida polo artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) para os Orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Que se remita copia do Plan económico financeiro do Concello de Tui para o período 2.018-2.019 para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local.”

Intervén o Sr. Capón Rey e comenta que neste plan hai que recuperar unha cantidade de gastos do 2017 de 700.000 €, e que só o cita porque nun punto posterior van facer unha proposta que ten relación con isto.

Polo Sr. Alcalde se somete a votación a proposta da Alcaldía, que se aproba por unanimidade a favor dos membros da Corporación (17 votos a favor).

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Aprobado o Plan económico financeiro do Concello de Tui para o período 2.018-2.019.

SEGUNDO.- Darlle a mesma publicidade que a establecida polo artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) para os Orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Que se remita copia do Plan económico financeiro do Concello de Tui para o período 2.018-2.019 para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local.

**3º.- EXPEDIENTE 263/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 13/04/2018, DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2018 (DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL DE 19/04/2018).**

O Sr. Alcalde sinala que o asunto estaba ditaminado en data 19/04/2018.

Visto o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 19/04/2018, do teor:

“Que, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de abril 2018 e no punto da orde do día nº 2 relativo a Expediente 263/2018. Proposta de Alcaldía, de data 13/04/2018, de aprobación inicial do Orzamento Xeral para o ano 2018, ditaminou desfavorablemente por 3 votos a favor ( 1 de Yovana Velázquez Torres do PP, 1 de C21 e 1 de Ciudadanos Tudenses ), 5 votos en contra (2 do PSdG-PSOE, 1 BNG, 1 AT, 1 de Laureano Alonso Alvarez do

GMixto) e 1 abstención ( de José Prada Alvarez do PP) a proposta de acordo que, a continuación, se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DO ALCALDE:

Confeccionado proxecto de Presupostos para o exercicio 2018 con todos os documentos que se relacionan no índice e emitido informe polo Departamento de Intervención do Concello, preséntase á consideración da Comisión de Facenda, para a emisión do seu ditame previo e preceptivo, antes de sometelo á aprobación do Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 168.4 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004.

A proposta de Alcaldía á Comisión Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio é a que segue:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto do presuposto desta Entidade para o ano 2018 que ascende, tanto en ingresos como en gastos, á contía de 8.285.926,51€.

SEGUNDO.- Aprobación das Bases de execución do orzamento nos termos en que se redactaron.

TERCEIRO.- Aprobación do cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO.- Que se expoña ao público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ao preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (RDL 2/2004, do 5 de marzo).

QUINTO.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispón o artigo 169.3 do TRLFL, e noutro caso procederá de acordo co previsto no 169.1 do xa mencionado RDL 2/2004

SEXTO.- Que, de acordo co artigo 169.4 do TRLRL, se remita copia do orzamento definitivamente aprobado á administración do Estado e á Comunidade Autónoma."

A continuación toma a palabra o Sr. Alonso Álvarez e sinala que hoxe traese a debater o orzamento por cuarta vez e que considera que non procede. Sinala que despois da traxedia do día 23 de maio, unha traxedia que vai a afectar ós veciños durante moito tempo, nos orzamentos non aparece ningunha partida para isto, porque se ditaminaron antes. Pensa que é mellor deixalos enriba da mesa e ver a posibilidade de habilitar unha partida para isto e considera que hai que ser sensibles e en calquera caso habilitar crédito ou que os orzamentos continúen prorrogados.

Intervén o Sr. Capón Rey e explica que se se poñen a votación os orzamentos van a votar en contra, coa mesma xustificación e que está na acta que acaban de aprobar. Tamén propón que queden sobre a mesa baseado na motivación que expón a continuación. Alude a que o Fondo de emerxencia social é ampliable, a que o Concello de Tui ten que cumprir unhas obrigas do plan económico financeiro, a que o Concello ten o problema latente de Beiramiño e a que o presuposto con 800.000 euros máis de ingresos vai ser difícil de executar porque ata dentro dun mes polo menos non vai ser executivo. Comenta que



propoñen que quede sobre a mesa e se traballe co presuposto prorrogado, e que ese diñeiro quede ahí en remanente de tesourería para posibles ampliacións deste fondo. Engade que isto xa o propuxeron anteriormente na Xunta de portavoces.

Intervén a voceira do BNG, D<sup>a</sup>. Carmen Núñez Méndez, e sinala que concordan en que os acontecementos de Paramos requiren medidas excepcionais. Engade que se se vota o presuposto van a votar en contra.

Intervén o concelleiro do PSdG-PSOE Enrique Cabaleiro González e afirma que súmanse á petición de que quede sobre a mesa, que non lles parece prudente que, tras os tráxicos sucesos do 23 de maio, tenten levar adiante uns orzamentos elaborados sen ter en conta esta catástrofe, e que lles parece pouco responsable. Considera que este orzamento neste momento é irreal porque non contempla esa realidade. Pide que os orzamentos queden enriba da mesa para aprobar un que atenda ás necesidades xurdidas do tráxico suceso.

A continuación intervén o Alcalde e sinala que están dacordo en que atender aos veciños de Paramos é a maior prioridade, pero que non están de acordo en que non aprobar o orzamento sexa a mellor forma de facelo. Di que son orzamentos de 600.000 € máis, e saben que hai a posibilidade de transferencias de crédito. Comenta que se o deixan sobre a mesa e despois se volven traer e aínda hai que facer a exposición pública, serían menos de catro meses para executalos. Engade o Alcalde que pretender que cuns orzamentos prorrogados de 600.000 € menos os veciños de Paramos estean mellor atendidos, isto non ten moita lóxica, que con 600.000 € menos que hai no orzamento prorrogado menos atendidos estarán os veciños, porque supón menos capacidade de manobra. Engade que ofrece que a partir de setembro elaboren en conxunto os orzamentos de 2019.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que os argumentos do Sr. Alcalde non teñen ningunha base nin sustento. Sinala que aproban uns orzamentos que non contemplan a traxedia de Paramos e pide que modifiquen os orzamentos para contemplar algunha partida para o acontecido en Paramos. Engade que o Sr. Alcalde ten ferramentas de sobra para convocar un pleno extraordinario e traer os orzamentos cunha partida expresa para Paramos, e pide que o Sr. Alcalde sexa sensible con ese problema.

Intervén o voceiro de Alternativa Tudense, D. Miguel Capón Rey, e sinala que é un tema de prudencia, que se se traballa cos orzamentos prorrogados eses 600.000 € se van aforrar e irán ó remanente de tesourería. Engade que o Sr. Alcalde manifestou que só o desescombros vai costar un millón, e con toda probabilidade van a necesitar máis cartos, e ese aforro se verá se é necesario para dotar un fondo ampliable que se trae como moción de urxencia.

Intervén o Sr. Alcalde e comenta que pensa que neste momento no que menos se debe de pensar é en aforrar, que deben pensar en ter diñeiro e que o diñeiro se pode mover mediante modificacións e transferencias de crédito. Engade que tráese a aprobar un fondo de emerxencia ampliable de un millón de euros con carácter de emerxencia social, e que todos están dacordo en poñer a disposición diñeiro, sen esquecer a necesaria participación doutras administracións que teñen máis diñeiro que nós.

Ao non producirse máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a petición de que o asunto quede sobre a mesa, arroxando a votación o seguinte resultado: **oito (8) votos a**

**favor de que quede sobre a mesa** (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto), **oito (8) votos en contra** (3 PP, 2 C21, 2 CT e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto) e **unha (1) abstención** (de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito).

Dado o empate producido se procede polo Alcalde a realizar unha segunda votación respecto da petición de que o asunto quede sobre a mesa, arroxando esta segunda votación o mesmo resultado de: **oito (8) votos a favor de que quede sobre a mesa** (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto), **oito (8) votos en contra** (3 PP, 2 C21, 2 CT e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto) e **unha (1) abstención** (de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito). En consecuencia co voto de calidade do Alcalde queda rexeitada a petición de que o asunto quede sobre a mesa.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a proposta do Alcalde de data 13/04/2018, arroxando a votación o seguinte resultado: oito (8) votos a favor (3 do PP, 2C21, 2 Ciudadanos Tudenses, 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto), oito (8) votos en contra (3 do PSOE, 2 de AT, 2 do BNG e 1 de Laureano Alonso Alvarez do GMixto) e unha (1) abstención ( de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito).

Dado o empate producido se procede polo Alcalde a realizar unha segunda votación, que arroxa o mesmo resultado de: oito (8) votos a favor (3 do PP, 2C21, 2 Ciudadanos Tudenses, 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto), oito (8) votos en contra (3 do PSOE, 2 de AT, 2 do BNG e 1 de Laureano Alonso Alvarez do GMixto) e unha (1) abstención ( de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito). En consecuencia co voto de calidade do Alcalde queda aprobada a proposta de Alcaldía, de data 13/04/2018.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o proxecto do presuposto desta Entidade para o ano 2018 que ascende, tanto en ingresos como en gastos, á contía de 8.285.926,51€.

**SEGUNDO.-** Aprobación das Bases de execución do orzamento nos termos en que se redactaron.

**TERCEIRO.-** Aprobación do cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

**CUARTO.-** Que se expoña ao público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ao preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (RDL 2/2004, do 5 de marzo).

**QUINTO.-** Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispón o artigo 169.3 do TRLFL, e noutro caso procederá de acordo co previsto no 169.1 do xa mencionado RDL 2/2004

**SEXTO.-** Que, de acordo co artigo 169.4 do TRLRL, se remita copia do orzamento definitivamente aprobado á administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

**4º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 21/05/2018, DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.-**



Vista a proposta de Alcaldía de data 21/05/2018 de aprobación da modificación da composición das Comisións Informativas Permanentes, do teor:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

Visto acordo adoptado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria de 14 de novembro de 2017, no punto 3º da Orde do Día, do seguinte teor:

**"PRIMEIRO.-** Manter como Comisións Informativas de carácter permanente as que se relacionan a continuación:

- Comisión especial de Contas (que funcionará como Comisión informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal).
- Comisión informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes.
- Comisión informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais.
- Comisión informativa de Honores e Distincións.

**SEGUNDO.-** Establecer o funcionamento da Comisión especial de Contas como Comisión Informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal, ó abeiro do recollido no art. 127.3 do RD 2568/1986, de 23 de novembro.

**TERCEIRO.-** As Comisións Informativas permanentes asumirán as funcións de estudo e ditame previo de cantos asuntos se sometan á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando vaian a ser adoptados acordos declarados urxentes. Correspondéndolles así mesmo o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno local e dos concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo da competencia de control que corresponden ao Pleno.

**CUARTO.-** Manter que as Comisións Informativas estén formadas por un total de **NOVE** membros ( incluído o Alcalde), repartidos do seguinte xeito, respetando o reparto aprobado en sesión plenaria de data 25/06/2015:

- Dous ( 2 ) representantes do grupo político municipal do Partido Popular.
- Dous ( 2 ) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE.
- Un ( 1 ) representante do grupo político municipal Convergencia 21
- Un ( 1 ) representante do grupo político municipal do BNG.
- Un ( 1 ) representante do grupo político municipal de Ciudadanos Tudenses
- Un ( 1 ) representante do grupo político municipal de Alternativa Tudense
- Un ( 1 ) representante do grupo mixto.

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ó Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.

.../..."

Visto o escrito con rexistro de entrada de data 30/04/2018, nº 2018-E-RC-3742, de José Prada Álvarez no que se recolle: ".../... solicito: de V.I. y Corporación que Preside, **mi BAJA como concejal miembro del Grupo Político "Partido Popular"** y,

**consecuentemente, mi adscripción como miembro "no adscrito" de esa Corporación, como concejal de la misma."**

Considerando o indicado no art. 73.3 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que se cita: "**A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos**, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan **con excepción de aquellos que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos . . . / . . .**"

Considerando que de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional (TC) (STC 246/2012, de 20 de decembro, STC 169/2009, de 9 de xullo e STC 20/2011, de 14 de marzo, entre outras), o TC reconece o dereito dos concelleiros non adscritos a participar con voz e voto en todas as comisións informativas.

Así, segundo a STC 246/2012, de 20 de decembro:

«(...) teniendo en cuenta la relevancia de los dictámenes o informes adoptados en las comisiones informativas para el ejercicio de la función de control del gobierno municipal y para la formación de la voluntad de la corporación a través del Pleno, funciones representativas que constitucionalmente corresponden a todos los concejales, **ha de entenderse que el derecho a participar, con voz y voto, en las comisiones informativas municipales forma parte del núcleo inherente a la función representativa** que ex art. 23.2 CE corresponde a los miembros de la corporación individualmente considerados, sin perjuicio de que en la composición y en las reglas de voto de dichas comisiones deba garantizarse la proporcionalidad con la representación que ostenten los diferentes grupos políticos y los miembros no adscritos, como exige nuestra doctrina (SSTC 32/1985, FJ 2)» (FJ 6).

«(...) excluir absolutamente a los concejales no adscritos del derecho a asistir a las comisiones informativas y participar en sus deliberaciones (con voz y voto) supondría entorpecer y dificultar la posterior defensa de sus posiciones políticas mediante la participación en las deliberaciones y la votación de los asuntos en el Pleno, incidiendo por ello de forma negativa en el núcleo de las funciones de representación que son propias del cargo de concejal individualmente considerado, lo que determinaría la vulneración de los derechos del cargo electo garantizados en el art. 23.2 CE.

Ello no significa, sin embargo, que este Tribunal deba determinar la **forma de designación de los integrantes de las comisiones informativas, de manera que no queden fuera de las mismas los concejales no adscritos, pero sí debemos precisar que esa integración debe respetar en todo caso el criterio de proporcionalidad**» (FJ 9).

«(...) en la composición y en las reglas de voto de dichas comisiones deba garantizarse la **proporcionalidad con la representación que ostenten los diferentes grupos políticos y los miembros no adscritos, como exige nuestra doctrina (SSTC 32/1985 (LA LEY 423-TC/1985), FJ 2; 169/2009 (LA LEY 143470/2009), FJ 4; y 20/2011 (LA LEY 6072/2011), FJ 6)**». FJ 9 3

Por todo o anteriormente exposto e aos efectos de que exista unha proporcionalidade entre todos os grupos que forman parte da Corporación municipal, esta Alcaldía-Presidencia propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:





**Primeiro.-** *Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación municipal en sesión extraordinaria de data 14/11/2017, punto 3º da Orde do Día, sobre comisións informativas permanentes, no seguinte senso:*

- *Que as Comisións Informativas Permanentes estén formadas por un total de **DEZ** membros ( incluído o Alcalde), repartidos do seguinte xeito:*

- Dous ( 2 ) representantes do grupo político municipal do Partido Popular.*
- Dous ( 2 ) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE.*
- Un ( 1 ) representante do grupo político municipal Convergencia 21*
- Un ( 1 ) representante do grupo político municipal do BNG.*
- Un ( 1 ) representante do grupo político municipal de Ciudadanos Tudenses*
- Un ( 1 ) representante do grupo político municipal de Alternativa Tudense*
- Un ( 1 ) representante do grupo mixto.*
- Un (1) concelleiro non adscrito (D. José Prada Alvarez).*

**Segundo.-** *A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ó Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.*

*Ao non variar o número de representantes de cada grupo, salvo nova comunicación expresa realizada polos grupos municipais sobre adscrición de membros ás comisións informativas nos termos da normativa de aplicación, se entenderán vixentes as adscricións xa realizadas por cada grupo dacordo coa normativa de aplicación.*

**Terceiro.-** *Manter o acordo adoptado polo Pleno da Coporación de 14/11/2017 transcrito anteriormente no non afectado polo presente. "*

O Alcalde alude a que procede votar a urxencia porque o asunto non está ditaminado. Procédese á votación da concorrencia da urxencia, que resulta aprobada por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

Non se producen intervencións.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía de data 21/05/2018, que resulta aprobada con **dezaseis (16) votos a favor** (3 do PP, 3 do PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT, 2 CT, 2 C21, 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto e 1 de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito) e **unha (1) abstención** (de Laureano Alonso Álvarez do GMixto).

En consecuencia co exposto o Pleno da Corporación acorda:

**Primeiro.-** *Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación municipal en sesión extraordinaria de data 14/11/2017, punto 3º da Orde do Día, sobre comisións informativas permanentes, no seguinte senso:*

- *Que as Comisións Informativas Permanentes estén formadas por un total de **DEZ** membros ( incluído o Alcalde), repartidos do seguinte xeito:*

- Dous ( 2 ) representantes do grupo político municipal do Partido Popular.*

- ☐Dous ( 2 ) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE.
- ☐Un ( 1 ) representante do grupo político municipal Convergencia 21
- ☐Un ( 1 ) representante do grupo político municipal do BNG.
- ☐Un ( 1 ) representante do grupo político municipal de Ciudadanos Tudenses
- ☐Un ( 1 ) representante do grupo político municipal de Alternativa Tudense
- ☐Un ( 1 ) representante do grupo mixto.
- ☐Un (1) concelleiro non adscrito (D. José Prada Alvarez).

**Segundo.-** A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ó Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.

Ao non variar o número de representantes de cada grupo, salvo nova comunicación expresa realizada polos grupos municipais sobre adscrición de membros ás comisión informativas nos termos da normativa de aplicación, se entenderán vixentes as adscricións xa realizadas por cada grupo dacordo coa normativa de aplicación.

**Terceiro.-** Manter o acordo adoptado polo Pleno da Coporación de 14/11/2017 transcrito anteriormente no non afectado polo presente.

**5º.- EXPEDIENTE 122/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 15/05/2018, DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE PARA ADQUISICIÓN DO TEATRO PRINCIPAL, APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS DE DATA 14/05/2018 E APROBACIÓN DO GASTO.-**

Procédese á votación da concorrencia de urxencia ao non haberse ditaminado o asunto, que resulta aprobada **por dezasete (17) votos**, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

Procédese pola secretaria á lectura da proposta de Alcaldía de data 15/05/2018 de aprobación de expediente para adquisición do teatro principal, do teor:

**“PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DIRECTA DO “TEATRO PRINCIPAL” NA RÚA CUENCA Nº 81.**

*Visto o expediente tramitado para a adquisición directa do “TEATRO PRINCIPAL” na rúa Cuenca.*

*Visto que a adquisición se atopa incluída dentro do PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS DA DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (PPOS/17), ascendendo a subvención concedida pola Excm. Deputación provincial, segundo Resolución Presidencial da Deputación Provincial de data 10/07/2017, a 30.600,00 €. O importe da subvención contempla os gastos notariais e rexistrais por importe de 600,00 euros*

*Vista a Memoria descriptiva “Adquisición do Teatro Principal de Tui” obrante no expediente, de data 3/04/2017.*

*Visto que o inmovible “Teatro Principal” a adquirir ten a seguinte descripción segundo escritura de compravenda de data 21/03/2003 otorgada ante o notario do Ilustre Colexio de A Coruña D. Jesús María Rodríguez Enríquez (nº 532 do seu protocolo):*



- “URBAN, sita no municipio de Tui, rúa Cuenca nº 81, coñecida como “TEATRO PRINCIPAL”, da superficie total de setecentos dezaioito metros cadrados, dos cales cincocentos catorce están ocupados por un local actualmente ruinoso (no seu día composto de planta baixa, primeiro e segundo piso, cunha superficie total construída de mil oitenta e dous metros cadrados), e os douscentos metros cadrados restantes destinaídos a patio.-

Linda: Norte, Pascual López Lorenzo; Sur, Rotulado Fernández Ferreiro; Leste, Antonia Carrera Padín; e Oeste; rúa Cuenca. .../... REFERENCIA CATASTRAL: .../... 9550029NG2595TS001MJ.”

A descripción do indicado inmovible segundo nota simple informativa de data 03/01/2017 do Rexistro da Propiedade de Tui: Tomo 996, Libro 218, folio 159, finca 31590, é:

“RÚSTICA: Outros urbanas: Situada en Tui en rúa Cuenca, co número 81, cunha superficie construída de mil oitenta e dous metros cadrados cunha superficie do terreo de sete áreas dezaioito centiáreas. Lindeiros: norte, Pascual López Lorenzo; sur, Romualdo Fernández Ferreiro; este, Antonia Carrera Padín; oeste, rúa Cuenca. REFERENCIA CATASTRAL: 9550029NG2595TS001MJ. Descrición: edificio denominado teatro principal en estado ruinoso, en su día de baixo, piso primeiro e segundo cun patio de 200 metros cadrados.”

Considerando asemesmo o escrito da Fundación Teatro Principal de Tui, con data de rexistro de entrada de 07/07/2016, nº 6084, no que se comunica que o patronato da fundación, en sesión celebrada o 06/07/2016 adoptou acordo de vender o inmovible do teatro Principal ao Concello de Tui pola cantidade de 30.000,00 €.

Vista a providencia da Alcaldía de data 18/01/2018, de incoación de expediente para adquisición directa polo Concello do inmovible “Teatro Principal” na rúa Cuenca, para usos culturais, pola especial idoneidade do ben e as peculiaridades da necesidade a satisfacer, dado que o ben en cuestión se considera idóneo pola súa singular situación no casco histórico e polo seu valor histórico, cultural e social, habendo sido adicado historicamente a Teatro.

Visto o documento RC asinado polo interventor municipal con data 21/02/2018, por importe de 30.000,00 €.

Visto o informe de valoración do arquitecto técnico municipal de data 09/10/2017, así como o informe do arquitecto técnico de data 19/01/2018, o informe de secretaría de data 02/03/2018 e a restante documentación obrante no expediente.

Vista a proposta da alcaldía de prego de condicións de data 02/03/2018.

Visto o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data de rexistro de entrada de 28/02/2018, nº 1565.

Vista a proposta da alcaldía de data 02/03/2018.

Vista a proposta da alcaldía de prego de condicións de data 14/05/2018 ( adaptado á nova Lei 9/2017, de 8 de novembro).

Por esta Alcaldía se propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) *Aprobar o expediente para a adquisición directa do inmovible “Teatro Principal” na rúa Cuenca, nº 81, para destinalo a usos culturais, no marco das competencias do Concello en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais, pola especial idoneidade do ben e as peculiaridades da necesidade a satisfacer, e dado que o inmovible en cuestión se considera especialmente idóneo para usos culturais pola súa singular situación no casco histórico e polo seu valor histórico, cultural e social, habendo sido adicado historicamente a Teatro.*

2º) *Aprobar o prego de condicións de data 14/05/2018, que han de rexer a adquisición directa, nos termos en que figura redactado, e que se formule invitación para formular oferta á “Fundación Teatro Principal de Tui”.*

3º) *Aprobar o gasto correspondente, con cargo á partida 2018/1/336/62227/01.”*

Toma a palabra o concelleiro Laureano Alonso Álvarez, que sinala que se fose noutro momento aquí ían ter unha bataia agria e dura, e que xa foi adquirido no Plan Concellos de 2017.

O Sr. Alcalde di que se está adquirindo agora polo Plan Concellos, que prevé unha subvención de 30.000 €.

Intervén o Sr. Capón Rey e felicita á fundación por facerse co teatro a custo cero. Alude a que houbo unha desgraza cando se fundiu o tellado e non había póliza e os membros da fundación aportaron un diñeiro para esa reparación. Engade que a subvención de 30.600€ da Diputación está no expediente e que todo isto estaba montado co goberno municipal anterior. Engade que a fundación non tiña o criterio de venderlo ó Concello, e que o Concello solicitara a reparación con cargo ó 1,5% Estado español, pero que iso non era posible e así o comunicara D<sup>a</sup>. Ana Pastor na súa visita a Tui. Continúa a súa intervención o Sr. Capón Rey dicindo que hai que facer un estudo de viabilidade e que hai un colgado en internet do Auditorio de Mar de Vigo. Engade que está ben que a proposta diga para usos culturais, porque só para teatro vai ser difícil que a viabilidade saiga positiva.

Comenta o Sr. Capón Rey que falta documentación no expediente, porque él había deixado un expediente completo, no que había un proxecto de restauración e que ese proxecto está no arquivo abaixo xa que o comprobou. Engade que con ese proxecto había máis documentación, documentación de veciños que se dirixen ó Concello solicitando un terreo para un teatro, estatutos de sociedade por accións ...

Continúa o Sr. Capón sinalando que o Sr. Alcalde dixo que había que solicitar a rehabilitación con cargo ao 1,5% a primeiros de xullo, e que él lle entregou á interventora un documento que había nese expediente dunha adenda en 1992, incluíndo o teatro de Tui entre os teatros a restaurar. Engade que esa adenda conseguiuase grazas a Alberto Sereno e Joaquín Bobillo e él, que tamén interviu, e que ese documento lles vai a ser vital para solicitar a rehabilitación.

Por último o Sr. Capón Rey felicita porque por fin o teatro é municipal e se pode solicitar a rehabilitación.

Resposta o Sr. Alcalde para aclarar que se aproba o expediente e que despois faltaría que presentasen oferta e a adxudicación da adquisición.

Intervén o Sr. Capón Rey e sinala que xa había unha oferta de venta por ese importe da fundación e comenta que se teña coidado que teñen que tramitar o expediente de declaración de ruína.

Intervén o Sr. Núñez Méndez e comenta que o van aprobar, que se trata dun ben de valor cultural e que forma parte da historia de Galicia, que se trata dunha das obras máis



importantes do recinto amurallado e que se celebraron alí os primeiros xogos florais. Engade que no PEPCHA está protexido de forma global e que debería converterse no que foi, un foco de dinamización da vida local. Comenta que todos os grupos políticos no anterior goberno concordaron en traballar para a rehabilitación do teatro municipal, e que para acceder ás axudas o goberno anterior pensou que era necesaria a adquisición. Engade que este é un paso máis neste proceso iniciado polo anterior goberno, e que hai un informe favorable de intervención coa salvedade de que non hai informe técnico xustificativo da especial idoneidade, e que entenden que este punto será subsanado.

Intervén o Sr. Cabaleiro González que di que é de xustiza recoñecer a sensibilidade que naquel momento tivo a concelleira do BNG (D<sup>a</sup>. Carmen Núñez Méndez) en aras de traballar para que este proxecto fora unha realidade.

Intervén o Sr. Alcalde e comenta que se suma a considerar que esta é unha boa nova iniciada co goberno anterior coa inclusión no Plan Concellos 2017.

A continuación o alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía de data 15/05/2018, que se aproba por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

**En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:**

1º) Aprobar o expediente para a adquisición directa do inmovible “Teatro Principal” na rúa Cuenca, nº 81, para destinalo a usos culturais, no marco das competencias do Concello en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais, pola especial idoneidade do ben e as peculiaridades da necesidade a satisfacer, e dado que o inmovible en cuestión se considera especialmente idóneo para usos culturais pola súa singular situación no casco histórico e polo seu valor histórico, cultural e social, habendo sido adicado historicamente a Teatro.

2º) Aprobar o prego de condicións de data 14/05/2018, que han de rexer a adquisición directa, nos termos en que figura redactado, e que se formule invitación para formular oferta á “Fundación Teatro Principal de Tui”.

3º) Aprobar o gasto correspondente, con cargo á partida 2018/1/336/62227/01.

**6º.- EXPEDIENTE 816/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 10/05/2018, DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN DO ICIO POR OBRAS EN INMOBLE SITO NA RÚA CUENCA, Nº 15.**

Procédese á votación da concorrencia de urxencia ao non haberse ditaminado o asunto, que resulta aprobada **por dezasete (17) votos**, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

Vista a proposta de Alcaldía de data 10/05/2018 de concesión de bonificación do ICIO por obras en inmovible sito na rúa Cuenca, nº15, do teor:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA.**

*Vista a solicitude realizada por Anxela Alonso Testa; de bonificación do 50% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.*

*Visto que o art. 7.2 a) 1 da Ordenanza fiscal do ICIO do Concello de Tui recolle a bonificación do 50% da cota do imposto das obras que se realicen no ámbito territorial da Area de Rehabilitación Integrada do Conxunto Histórico do Concello de Tui.*

*Considerando que o artigo 7.3 da citada ordenanza, en consonancia co artigo 103.2a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dispoñen que é o Pleno Corporativo o órgano competente para resolver acerca da citada bonificación, polo voto favorable da **maioría simple** dos seus membros.*

*Visto o informe emitido por Tesourería de data 10/04/2018.*

*Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía-Presidencia no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Conceder a Anxela Alonso Testa, a bonificación do 50% do ICIO correspondente as obras de reformas interiores e cambio de carpintería do inmovible sito na rúa Cuenca, 15*

**SEGUNDO.-** *Dar traslado do presente acordo ó interesado e á Tesourería do Concello.”*

Non se producen intervencións.

A continuación o Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía de data 10/05/2018, que se aproba por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

**En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a Anxela Alonso Testa, a bonificación do 50% do ICIO correspondente as obras de reformas interiores e cambio de carpintería do inmovible sito na rúa Cuenca, 15.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ó interesado e á Tesourería do Concello.

**7º.- EXPEDIENTE 809/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 10/05/2018, DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN DE ICIO POR OBRAS EN INMOBLE SITO NA RÚA SANZ, Nº 2.-**

Procédese á votación da concorrencia de urxencia ao non haberse ditaminado o asunto, que resulta aprobada **por dezasete (17) votos**, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

Vista a proposta de Alcaldía de 10/05/2018 de concesión de bonificación de ICIO por obras en inmovible sito na rúa Sanz, nº2, do teor:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA.**

*Vista a solicitude realizada por M<sup>a</sup>. de los Angeles Alonso González; de bonificación do 50% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.*



*Visto que o art. 7.2 a) 1 da Ordenanza fiscal do ICIO do Concello de Tui recolle a bonificación do 50% da cota do imposto das obras que se realicen no ámbito territorial da Area de Rehabilitación Integrada do Conxunto Histórico do Concello de Tui.*

*Considerando que o artigo 7.3 da citada ordenanza, en consonancia co artigo 103.2a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dispoñen que é o Pleno Corporativo o órgano competente para resolver acerca da citada bonificación, polo voto favorable da **maioría simple** dos seus membros.*

*Visto o informe emitido por Tesourería de data 10/04/2018.*

*Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía-Presidencia no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** Conceder a M<sup>a</sup>. de los Angeles Alonso González, a bonificación do 50% do ICIO correspondente as obras de reforma de baño do inmovible sito na rúa Sanz, 2

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ó interesado e á Tesourería do Concello.”

Non se producen intervencións.

A continuación o Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía de data 10/05/2018, que se aproba por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

**En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a M<sup>a</sup>. de los Angeles Alonso González, a bonificación do 50% do ICIO correspondente as obras de reforma de baño do inmovible sito na rúa Sanz, 2.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ó interesado e á Tesourería do Concello.

**8º.- EXPEDIENTE 808/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 11/05/2018, DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN DO ICIO POR OBRAS EN INMOBLE SITO NA RÚA SAN BARTOLOMÉ, Nº 7.**

Procédese á votación da concorrencia de urxencia ao non haberse ditaminado o asunto, que resulta aprobada **por dezasete (17) votos**, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

Vista a proposta de Alcaldía de 11/05/2018 de concesión de bonificación do ICIO por obras en inmovible sito na rúa San Bartolomé, nº7, do teor:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA.**

*Vista a solicitude realizada por Juan José Rendón Martínez.; de bonificación do 50% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.*

*Visto que o art. 7.2 a) 1 da Ordenanza fiscal do ICIO do Concello de Tui recolle a bonificación do 50% da cota do imposto das obras que se realicen no ámbito territorial da Area de Rehabilitación Integrada do Conxunto Histórico do Concello de Tui.*

*Considerando que o artigo 7.3 da citada ordenanza, en consonancia co artigo 103.2a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, dispoñen que é o Pleno Corporativo o órgano competente para resolver acerca da citada bonificación, polo voto favorable da **maioría simple** dos seus membros.*

*Visto o informe emitido por Tesourería de data 10/04/2018.*

*Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía-Presidencia no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, propón o Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Conceder a Juan José Rendón Martínez, a bonificación do 50% do ICIO correspondente as obras de reparación de tellado, situadas no inmovible sito na rúa San Bartolomé, 7*

**SEGUNDO.-** *Dar traslado do presente acordo ó interesado e á Tesourería do Concello.”*

Non se producen intervencións.

A continuación o Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía de data 11/05/2018, que se aproba por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

**En consecuencia o Pleno da Corporación municipal acorda:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a Juan José Rendón Martínez, a bonificación do 50% do ICIO correspondente as obras de reparación de tellado, situadas no inmovible sito na rúa San Bartolomé, 7

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ó interesado e á Tesourería do Concello.”

## **9º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

### **A) MOCIÓN DE URXENCIA EN RELACIÓN COA EXPLOSIÓN DE MATERIAL PIROTÉCNICO QUE TIVO LUGAR NA PARROQUIA DE PARAMOS O 23 DE MAIO DE 2018.**

Vista a moción de urxencia de data 31 de maio de 2018, do teor:

“MOCIÓN DE URXENCIA A PROPOSTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE TUI

O pasado día 23 de maio de 2018 tivo lugar na parroquia de Paramos unha explosión de material pirotécnico de grave consideración, implicando este accidente de magnitude catastrófica graves prexuízos persoais e materiais na zona.

Así, dadas as proporcións do incidente, nunha primeira estimación polos técnicos rexistráronse un total de 31 casas totalmente destruídas, 60 casas con danos estruturais, 50 vivendas para restaurar tellados e outros danos das casas máis próximas á explosión e outras 191 vivendas xa máis afastadas con danos na carpintería exterior e 107 na interior, algunhas situadas ata a un km. de distancia da zona da explosión.

En atención aos acontecementos referidos, procedeuse á declaración, mediante decreto da alcaldía, de tres días de loito oficial no termo municipal.





Así mesmo, ante a gravidade da situación, en sesión extraordinaria e urxente de 25 de maio de 2018, o Pleno da Corporación municipal aprobou por unanimidade a seguinte proposta de acordo:

*"Primeiro.- Manifestar o apoio total e unánime desta Corporación cos veciños afectados por esta catástrofe, comprometéndose a prestar toda a axuda necesaria para superar estes difíciles momentos e entre todos tentar que os afectados poidan reconstruír as súas vidas.*

*Segundo.- Expresar o mais profundo e sincero agradecemento da Corporación Municipal a todas aquelas persoas que de xeito totalmente altruísta se teñan volcado cos veciños de Paramos. Agradecer a excepcional labor realizada polos servizos de emerxencia, persoal sanitario, protección civil, forzas e corpos de seguridade e empregados municipais. Agradecer así mesmo todo o apoio recibido das distintas administracións públicas (Concellos, Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Goberno Central) como tamén dos veciños, persoal e autoridades portuguesas.*

*Terceiro.- Expresar o mais sentido pésame e condolencias dos membros desta Corporación coas familias dos falecidos e con todos os feridos e afectados por esta traxedia, en nome de tódolos veciños e veciñas de Tui.*

*Cuarto.- Solicitar das distintas institucións as axudas ou subvencións en atención ás necesidades derivadas desta situación de emerxencia de natureza catastrófica para poder realizar tódalas tarefas necesarias para unha pronta restauración e retorno á normalidade."*

Á vista do exposto anteriormente, ante a situación de emerxencia na que se atopa a zona afectada e a necesidade de articular medidas precisas para paliar, coa maior brevidade posible, as consecuencias dos feitos desencadeantes desta situación, o conxunto de concelleiros da corporación municipal PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Poñer en marcha actuacións de emerxencia social no marco protector da cidadanía que incumbe a todas as Administracións públicas, sendo esencial articular sistemas de axudas paliativas das situación de necesidade na que se poden atopar os colectivos que sufriran as consecuencias dos feitos desencadeantes dunha situación de emerxencia como a presente.

Neste sentido, procederá a adopción de medidas encamiñadas a axudar aos prexudicados que, a causa da magnitude da explosión, perderon por completo ou viron seriamente danadas as súas vivendas.

Así mesmo, levaranse a cabo as actuacións necesarias para satisfacer as necesidades básicas e esenciais das que carecen os afectados que sufriron a destrución total das súas propiedades e que se atopan nunha situación de emerxencia sen poder acceder a bens de primeira necesidade.

**SEGUNDO.-** Proceder a tomar as medidas necesarias co obxectivo de colaborar coa reparación e reconstrución destes inmobles.

**TERCEIRO.-** Solicitar, como administración interesada, aos Ministerios de Facenda e Administracións Públicas e do Interior, que propoñan ao Consello de Ministros a

declaración de zona afectada gravemente por una emerxencia de protección civil, por considerar que concorre no territorio afectado pola explosión un estado de necesidade sobrevido a esta comunidade de persoas, inevitable e imprevisible, que alterou efectiva e substancialmente as condicións de vida desta colectividade, producindo danos de considerable gravidade a unha pluralidade de veciños, todo co obxectivo de facilitar aos afectados o acceso ás axudas que neste senso recolle a normativa referida para paliar os danos materiais e persoais causados.

CUARTO.- Declarar o réxime excepcional de emerxencia previsto no artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para a autorización das contratacións necesarias para levar a cabo as actuacións inmediatas que esta administración deberá efectuar como consecuencia da situación social de emerxencia existente.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo aos Ministerios de Facenda e Administracións Públicas e do Interior, así como á Delegación do Goberno, acompañado da documentación complementaria ao respecto (informes policiais, técnicos...).

SEXTO.- O Concello de Tui persoarase como acusación particular no procedemento penal que se atopa actualmente iniciado, para, neste senso, esixir as responsabilidades penais e de calquera outra orde que deriven dos feitos acontecidos que orixinaron os danos e defender os intereses municipais e dos veciños afectados pola explosión pirotécnica co obxectivo de que se reparen os prexuízos causados e se compensen economicamente os danos e costes que a explosión provocou.

SÉTIMO.- Solicitar axuda e/ou auxilio a tódalas administracións públicas (Unión Europea, Goberno do Estado, Comunidade Autónoma e Deputación) para paliar a situación xerada tras os acontecementos do día 23 de maio 2018, ao superar os medios de resposta de que dispón este Concello.

Neste senso, acudirase, co idéntico obxectivo de obter o apoio económico e técnico preciso para afrontar a situación de emerxencia existente, aos mecanismos de colaboración e cooperación existentes entre administracións mediante a subscripción dos convenios oportunos, baixo as formas e nos termos previstos na lexislación correspondente.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo da adopción por parte da Alcaldía, dentro das súas competencias, das medidas que considere oportunas para responder ante a situación de emerxencia que se presenta no termo municipal”.

Procédese á votación da concorrencia da urxencia, que resulta aprobada **por dezasete (17) votos a favor**, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

Intervén a Sra. Rodríguez Rodríguez e comenta que fixeron a consulta e que propoñen a posibilidade de facer un engadido no sentido de engadir: *“Manifestar que por parte da actual corporación existe a vontade de tomar tódalas medidas urbanísticas necesarias e elevalas ás administracións que procedan para que si as persoas queren rehabilitar as súas vivendas se poida levar isto adiante.”*

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a moción de data 31 de maio de 2018 co engadido do seguinte punto: *“OITAVO.- Manifestar que por parte da actual corporación existe a vontade de tomar tódalas medidas urbanísticas necesarias e elevalas ás administracións que procedan para que si as persoas queren rehabilitar as súas*



*vivendas se poida levar isto adiante*”, que se aproba por unanimidade a favor dos membros da corporación (17 votos a favor).

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

**PRIMEIRO.-** Poñer en marcha actuacións de emerxencia social no marco protector da cidadanía que incumbe a todas as Administracións públicas, sendo esencial articular sistemas de axudas paliativas das situación de necesidade na que se poden atopar os colectivos que sufriran as consecuencias dos feitos desencadeantes dunha situación de emerxencia como a presente.

Neste sentido, procederá a adopción de medidas encamiñadas a axudar aos prexudicados que, a causa da magnitude da explosión, perderon por completo ou viron seriamente danadas as súas vivendas.

Así mesmo, levaranse a cabo as actuacións necesarias para satisfacer as necesidades básicas e esenciais das que carecen os afectados que sufriron a destrución total das súas propiedades e que se atopan nunha situación de emerxencia sen poder acceder a bens de primeira necesidade.

**SEGUNDO.-** Proceder a tomar as medidas necesarias co obxectivo de colaborar coa reparación e reconstrución destes inmobles.

**TERCEIRO.-** Solicitar, como administración interesada, aos Ministerios de Facenda e Administracións Públicas e do Interior, que propoñan ao Consello de Ministros a declaración de zona afectada gravemente por una emerxencia de protección civil, por considerar que concorre no territorio afectado pola explosión un estado de necesidade sobrevido a esta comunidade de persoas, inevitable e imprevisible, que alterou efectiva e substancialmente as condicións de vida de esta colectividade, producindo danos de considerable gravidade a unha pluralidade de veciños, todo co obxectivo de facilitar aos afectados o acceso ás axudas que neste sentido recolle a normativa referida para paliar os danos materiais e persoais causados.

**CUARTO.-** Declarar o réxime excepcional de emerxencia previsto no artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para a autorización das contratacións necesarias para levar a cabo as actuacións inmediatas que esta administración deberá efectuar como consecuencia da situación social de emerxencia existente.

**QUINTO.-** Dar traslado do presente acordo aos Ministerios de Facenda e Administracións Públicas e do Interior, así como á Delegación do Goberno, acompañado da documentación complementaria ao respecto (informes policiais, técnicos...).

**SEXTO.-** O Concello de Tui persoarase como acusación particular no procedemento penal que se atopa actualmente iniciado, para, neste sentido, esixir as responsabilidades penais e de calquera outra orde que deriven dos feitos acontecidos que orixinaron os danos e defender os intereses municipais e dos veciños afectados pola explosión pirotécnica co obxectivo de que se reparen os prexuízos causados e se compensen economicamente os danos e costes que a explosión provocou.

SÉTIMO.- Solicitar axuda e/ou auxilio a tódalas administracións públicas (Unión Europea, Goberno do Estado, Comunidade Autónoma e Deputación) para paliar a situación xerada tras os acontecementos do día 23 de maio 2018, ao superar os medios de resposta de que dispón este Concello.

Neste senso, acudirase, co idéntico obxectivo de obter o apoio económico e técnico preciso para afrontar a situación de emerxencia existente, aos mecanismos de colaboración e cooperación existentes entre administracións mediante a subscripción dos convenios oportunos, baixo as formas e nos termos previstos na lexislación correspondente.

OITAVO.- Manifestar que por parte da actual corporación existe a vontade de tomar tódalas medidas urbanísticas necesarias e elevalas ás administracións que procedan para que si as persoas queren rehabilitar as súas vivendas se poida levar isto adiante.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo da adopción por parte da Alcaldía, dentro das súas competencias, das medidas que considere oportunas para responder ante a situación de emerxencia que se presenta no termo municipal.

## **B) MOCIÓN DE URXENCIA DE CREDITO EXTRAORDINARIO Nº 2/2018 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 11/2018) FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

Vista a proposta do Alcalde de data 31/05/2018, presentada como moción de urxencia, do seguinte teor literal:

### **"PROPOSTA DO ALCALDE**

#### **ASUNTO: CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2/2018 (MODIFICACION DE CRÉDITOS 11/2018) FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.**

Incoado o expediente de crédito extraordinario número 2/2018, financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, co obxecto de atender necesidades perentorias da poboación a través da habilitación dun Fondo de Emerxencia para a atención de necesidades básicas de alimentos, roupa, transporte... dos afectados dos acontecementos acaecidos en Paramos o pasado 23 de maio do 2018.

Visto o informe de Intervención EMP 30/18 esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 2/2018, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 1.000.000,00 € de acordo co seguinte detalle:

#### **I.- GASTOS:**

**Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-**



| APLICACION ORZAMENTARIA |     |   | CONCEPTO   | IMPORTE             |
|-------------------------|-----|---|--|---------------------|
| 231                     | 480 | 0 | Asistencia social primaria- A familias e institucións...,  | 700.000,00          |
|                         | 04  | 1 | Fondo Emerxencia social damnificados explosión Paramos     |                     |
| 231                     | 780 | 0 | Asistencia social primaria - A familias e institucións..., | 300.000,00          |
|                         | 04  | 1 | Fondo emerxencia social damnificados explosión Paramos     |                     |
| <b>TOTAL</b>            |     |   |  | <b>1.000.000,00</b> |

**TOTAL HABILITACIÓNS.....1.000.000,00**  
**€**

II- FINANCIACIÓN: Remanente de Tesourería para gastos xerais:

| <b>PARTID A</b>           | <b>DENOMINACIÓN</b>                         | <b>IMPORTE €</b>      |
|---------------------------|---|-----------------------|
| 870 00                    | Remanente de Tesourería para gastos xerais. | 1.000.000,00 €        |
| <b>TOTAL FINANCIACIÓN</b> |   | <b>1.000.000,00 €</b> |

III) RESUMEN:

| EXPRESIÓN                     |                      | IMPORTE €      |
|-------------------------------|----------------------|----------------|
| 1.-Total extraordinario ..... | crédito              | 1.000.000,00 € |
| 2.- Financiación:             |                      |                |
| 1. Novos ingresos.....        |                      | 1.000.000,00 € |
| 2. Baixas anulación.....      | por                  |                |
| 3. Remanente tesourería.....  | líquido              |                |
| 3.- habilitación.....         | Financiación igual a | 1.000.000,00 € |

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 2/2018), en virtude do disposto no artigo 177.6 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.4 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril, é inmediatamente executivo sen prexuízo das reclamacións que contra el se promovan, as cales deberán substanciarse nos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro de dito prazo. Incluíndose anuncios nos taboleiros de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia."

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a **urxencia** da moción, **que se aproba por unanimidade (17 votos a favor)**.

Intervén o Sr. Capón Rey para sinalar que falta unha palabra, “ampliable”.

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a moción de urxencia/proposta de Alcaldía do 31/05/2018, relativa a crédito extraordinario nº 2/2018 (Modificación de créditos 11/2018) financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, co engadido da palabra "ampliable" no punto primeiro e a continuación da cifra de 1.000.000 €, **que se aproba por unanimidade dos membros da corporación (17 votos a favor)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 2/2018, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 1.000.000,00 € ampliable de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

**Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-**

| APLICACION ORZAMENTARIA |     |   | CONCEPTO  | IMPORTE             |
|-------------------------|-----|---|---|---------------------|
| 231                     | 480 | 0 | Asistencia social primaria- A familias e institucións..., Fondo Emerxencia social damnificados explosión Paramos  | 700.000,00          |
|                         | 04  | 1 |   |                     |
| 231                     | 780 | 0 | Asistencia social primaria - A familias e institucións..., Fondo emerxencia social damnificados explosión Paramos | 300.000,00          |
|                         | 04  | 1 |   |                     |
| <b>TOTAL</b>            |     |   |   | <b>1.000.000,00</b> |

**TOTAL HABILITACIÓNES.....1.000.000,00 €**

II- FINANCIACIÓN: Remanente de Tesourería para gastos xerais:

| PARTIDA                   | DENOMINACIÓN                                | IMPORTE €             |
|---------------------------|---|-----------------------|
| 870 00                    | Remanente de Tesourería para gastos xerais. | 1.000.000,00 €        |
| <b>TOTAL FINANCIACIÓN</b> |   | <b>1.000.000,00 €</b> |

III) RESUMEN:

| EXPRESIÓN | IMPORTE €              |
|-----------|------------------------|
| 1.-Total  | crédito 1.000.000,00 € |



|                        |                        |
|------------------------|------------------------|
| extraordinario .....   |                        |
| 2.- Financiación:      |                        |
| 1. Novos ingresos..... |                        |
| 2. Baixas .....        | por 1.000.000,00 €     |
| anulación.....         |                        |
| 3. Remanente .....     | líquido                |
| tesourería.....        |                        |
| 3.- Financiación ..... | igual a 1.000.000,00 € |
| habilitación.....      |                        |

**SEGUNDO:** Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 2/2018), en virtude do disposto no artigo 177.6 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.4 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril, é inmediatamente executivo sen prexuízo das reclamacións que contra el se promovan, as cales deberán substanciarse nos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro de dito prazo. Incluíndose anuncios nos taboleiros de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL.-**

**10.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DE INCORPORACIÓN DO CONCELLEIRO JOSÉ PRADA ALVAREZ AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (RE 1598 DE 28/02/2018) E DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS, DE ACORDO CO ESCRITO PRESENTADO POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR (RE Nº 1605 DE 28/02/2018).**

O Pleno da Corporación municipal queda enterado.

**11º.- TOMA DE RAZÓN DO ABANDONO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR POLO CONCELLEIRO D. JOSÉ PRADA ALVAREZ, DACORDO CO ESCRITO CON REXISTRO DE ENTRADA DE 30/04/2018 Nº 3742, POLO QUE DITO CONCELLEIRO PASA A TER A CONSIDERACIÓN DE CONCELLEIRO "NON ADSCRITO" E DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO PRESENTADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON REXISTRO DE ENTRADA Nº 2018-E-RC-3653 DE 27/04/2018 DE EXPULSIÓN DO CONCELLEIRO NO REFERIDO GRUPO MUNICIPAL.**

Visto o informe de secretaría de data 21/05/2018 e a restante documentación obrante no expediente.

Vista a proposta de Alcaldía de data 21/05/2018, do seguinte teor literal:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Toma de razón do abandono do Grupo Municipal do Partido Popular polo concelleiro D. José Prada Álvarez, dacordo co escrito con rexistro de entrada de 30/04/2018 nº 3742.

Visto o escrito con rexistro de entrada de data 30/04/2018, nº 2018-E-RC-3742, do concelleiro **José Prada Álvarez** no que se recolle: ".../... solicito: de V.I. y Corporación que Preside, **mi BAJA como concejal miembro del Grupo Político "Partido Popular" y, consecuentemente, mi adscripción como miembro "no adscrito" de esa Corporación, como concejal de la misma.**"

Considerando o indicado no art. 73.3 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que se cita: "**A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos**, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan **con excepción de aquellos** que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o **que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos.** .../..."

Visto asimismo que con rexistro de entrada de data 27/04/2018, nº 2018-E-RC-3653, se presenta escrito do voceiro do grupo municipal do Partido Popular, no que se comunica que o Grupo Municipal (GM) do Partido Popular acorda a expulsión de D. José Prada Álvarez de dito Grupo Municipal, indicando que dita decisión é acordada polo resto de integrantes do Grupo Municipal do PP, cuxa sinatura obra no indicado escrito. E visto o escrito de secretaría de data 08/05/2018 (recepionado con igual data polos integrantes do GM do PP que asinaron o aludido escrito con rexistro de entrada de 27/04/2018), de requerimento de documentación ao Grupo Municipal do PP sobre expulsión de concelleiro do Grupo Municipal.

Polo exposto anteriormente esta Alcaldía-Presidencia traslada ao Pleno da Corporación a presente aos efectos de:

- Tomar razón do abandono do Grupo Municipal do Partido Popular polo concelleiro D. José Prada Álvarez, dacordo co escrito con rexistro de entrada de 30/04/2018 nº 3742, polo que dito concelleiro pasa a ter a consideración de concelleiro "non adscrito".

O Pleno da Corporación municipal queda enterado.

#### **12º.- DISPOSICIÓN DE INTERESE CORRESPONDENTES AO PLENO DO MES DE MARZO, ABRIL E MAIO.**

O Pleno da Corporación municipal queda enterado.

**13º.- DACIÓN CONTA DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: DENDE O Nº 2018-0178 DE 19/02/2018 ATA O Nº 2018-0274 DE 16/03/2018. DENDE O Nº 2018-0275 DE 19/03/2018 ATA O Nº 2018-0452 DE 20/04/2018. DENDE O Nº 2018-0453 DE 23/04/2018 ATA O Nº 2018-0581 DE 24/05/2018.-**

O Pleno da Corporación municipal queda enterado.

**14º.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO PERÍODO 2019-2021 ELABORADO AO ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 29 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.**





O Pleno da Corporación municipal queda enterado de Plan Orzamentario a medio prazo período 2019-2021 elaborado ao abeiro do disposto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se producen

Ao non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde se levanta a sesión ás 21:18 horas, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, dou fe.